

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A coxeira de Marica da Fidalga

Na Pernal, en Paíme, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (Lugo), Marica da Fidalga víu á beira do río unha muller moi fermosa, que se estaba peiteando ao sol cun peite e unha peina, ambos de marfín, moi bonitos.

A muller aquela preguntoulle a Marica:

Cal che gusta máis? O peite ou a peina?

Como Marica lle dixo que o peite, a encanta tiroullo a unha perna e deixouna coxa.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filoloxía, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.